



PORTOS DE GALICIA

CONSELLERÍA DO MAR

I. MEMORIA DOS ORZAMENTOS 2022 E PROGRAMA DE ACTUACIÓNS INVESTIMENTOS E FINANCIAMENTO

I.1. Descrición da entidade

A Constitución Española nos seus artigos 148.1.6 e 149.20, o Estatuto de Autonomía para Galicia (Ley orgánica 1/1981, de 6 de Abril) no seu artigo 27.9 establece a competencia exclusiva da Comunidade Autónoma en materia de portos non cualificados de interese xeral, portos de refuxio e portos deportivos; ó mesmo tempo o Estatuto de Autonomía no artigo 28.6 atribúe á propia Comunidade Autónoma competencia para o desenvolvemento lexislativo e a execución da lexislación do Estado nos termos que a mesma estableza.

De acordo con estas previsións constitucionais e estatutarias por Real Decreto 3.214/1982, de 24 de Xullo efectuouse a correspondente transferencia en materia portuaria á Comunidade Autónoma de Galicia.

Na actualidade a Comunidade Autónoma de Galicia, exerce as súas competencias portuarias a través dunha administración especializada constituída polo ente público Portos de Galicia, creado pola Lei 5/1994, de 29 de Novembro. O ente público Portos de Galicia, adscrito á Consellería do Mar constitúe unha entidade pública empresarial que xestiona os portos autonómicos en réxime de autosuficiencia financeira da explotación e regúlase pola lei 6/2017, de Portos de Galicia aprobada o 12 de decembro de 2017, que entrou en vigor o 14 de xuño de 2018.

I.1.1. Obxectivos

EIXO	DESCRIPCIÓN EIXO
E3	Creceamento sustentable, territorio, mar, agricultura, gandería e montes

EIXO	PRIORIDADE ACTUACIÓN	DESCRIPCIÓN PRIORIDADE ACTUACIÓN
E3	PA.3.1	Fomento do sector primario baseado na innovación e a calidade do produto galego que fixe a poboación ao medio rural

Á entidade pública empresarial Portos de Galicia correspóndelle o proxecto, a construción, a conservación, a mellora, a ordenación, a administración e a explotación das obras, instalacións, servizos e actividades portuarias, así como a planificación das zonas de servizo que ten adscritas e as súas futuras ampliacións, de acordo cos criterios e obxectivos de modernización e mellora permanente das instalacións e servizos portuarios procurando a investigación e o desenvolvemento tecnolóxico en materias relacionadas coa explotación e a construción portuaria, a mellora do sector pesqueiro e da actividade náutico-deportiva, o fomento das actividades industriais e comerciais relacionadas co tráfico portuario, a

integración dos portos na contorna municipal e social dinamizando a actividade portuaria e a cultura do mar, e en xeral o fomento da actividade económica no eido dos portos en beneficio da comunidade concentrada na súa zona de influencia.

A xestión de Portos de Galicia durante os últimos exercicios sufriu unha importante transformación da man dos sectores implicados nos portos e o seu crecemento e diversificación, actuando sobre a base de criterios de eficiencia económica e sustentabilidade, buscando un equilibrio financeiro sen rebaixar o nivel de prestación dos servizos e a atención ás necesidades dos seus usuarios e das diversas empresas que realizan a súa actividade no dominio público portuario. Ademais, dentro das disponibilidades orzamentarias, continuou o desenvolvemento da ampliación e mellora das infraestruturas portuarias.

Todas estas actuacións pretenden contribuír á consecución dunha sociedade galega máis cohesionada e unha economía máis competitiva potenciando sectores produtivos como o pesqueiro o náutico-deportivo e o comercial e turístico.

Toda esta xestión foi recollida na Lei 6/2017, de portos de Galicia, aprobada o 12 de decembro de 2017 e que entrou en vigor o 14 de xuño de 2018. De esta maneira, a administración portuaria ten un novo marco regulador mais adaptado a realidade dos seus portos e das actividades que neles se fan.

O escenario evolutivo da actividade portuaria dos anos 2017 a 2020 fixo que Portos de Galicia afrontase unha rexeneración do espazo económico, social e deportivo dos portos e zonas de influencia fronte a realidade económica a través de catro liñas estratéxicas de actuación: crecemento, sustentabilidade, eficiencia e TIC.

Dentro da liña estratéxica de crecemento, entendida como potenciación xeración de negocio e de recursos económicos, actuarase para o vindeiro 2022 en:

1. Afianzar a concepción multifuncional dos portos galegos, ampliando os seus usos a outras actividades, especialmente relacionadas co ocio, turismo e o deporte, e contribuíndo, polo tanto, ao aumento do atractivo do litoral galego.
2. Integración dos portos galegos nas redes portuarias que permitan desenvolver as súas complementariedades ao tempo que se procura unha relativa especialización.
3. A transformación dos portos en plataformas para a localización de novos procesos aumentando o valor engadido das mercadorías e da pesca e que contribúan ao desenvolvemento económico e á creación de emprego.
4. Favorecer a interrelación porto-cidade mediante acordos de colaboración coas diferentes administracións desenvolvendo a planificación urbanística que permita que os cidadáns vexan os portos como entes xeradores de desenvolvemento nun ámbito compatible coa actividade cívica.

Dentro da liña estratéxica de sustentabilidade actuarase en:

1. Estimular a mellora continua do medio portuario e a súa xestión ambiental co obxecto de facilitar, unha mellor comprensión do papel dos portos e os seus esforzos para chegar a un desenvolvemento sostible.

2. Asegurar o máximo respecto ao medio ambiente.

3. Incrementar a conciencia de seguridade, tanto dende o punto da prevención de riscos laborais como da seguridade como protección dos portos e das instalacións portuarias de acordo coa normativa internacional en vigor.

4. Mellorar a coordinación das diferentes actividades co respecto ao ambiente e entorno litoral.

Dentro da liña estratéxica de eficiencia, actuarase en:

1. Mellora na eficiencia das instalacións e xestión dos subministrados.

2. Comunicación entre a administración portuaria e os actores relevantes.

3. Mellora e modernización dos servizos prestados nos portos.

4. Xestión áxil e eficaz das actividades portuarias.

Dentro da liña estratéxica de TIC, actuarase en:

1. Desenvolvemento e implementación de ferramentas de xestión eficiente dentro do marco xenérico e integrado de ferramentas da Comunidade Autónoma.

2. Integración de ferramentas nunha plataforma única, sinxela e áxil que conforme un cadro de mando do ente Portos de Galicia.

3. Consecución da Administración electrónica plenamente eficiente.

4. Formación e destreza nos usuarios internos e externos do entorno TIC dos nosos portos.

Como consecuencia destes eixes búscase a integración dos portos galegos dentro dunha rede que permita a súa coordinación dentro dun sistema portuario competitivo, podendo así desenvolver as súas complementariedades.

E, por outro lado, fomentar a coordinación entre os portos e as vilas nas que se sitúan, máxime tendo en conta a idiosincrasia do asentamento da poboación galega na costa

en forma de grande imbricación da malla urbana nos portos con incidencia na actividade económica e empresarial delas.

I.1.2. Obxectivos e indicadores

OBX ESTRATÉXICO/ INTERMEDIO	DESCRIPCIÓN OBX ESTRATÉXICO/ INTERMEDIO	2022	2023	2024
OE.3.1.01	Modernizar os portos de Galicia, garantindo medios precisos para desenvolver un modelo de negocio en cada dársena en base ás actividades con máis demanda e á especialización e para colaborar á sustentabilidade da actividade pesqueira	15.609.632	9.921.340	1.950.000
TOTAL		15.609.632	9.921.340	1.950.000

OBX OPERATIVO	DESCRIPCIÓN OBX OPERATIVO	2022	2023	2024
0002	Modernización e adecuación das instalacións existentes para adaptalas ás novas necesidades do mercado e da sustentabilidade na pesca. Construción das infraestruturas necesarias para a mellora da seguridade e das condicións de traballo dos pescadores.	15.609.632	9.921.340	1.950.000
TOTAL		15.609.632	9.921.340	1.950.000

INDICADOR	DESCRIPCIÓN INDICADOR	2022	2023	2024	UNIDADES
R3101b	Mellora dos equipamentos % portos	33			%
R3101c	% autorizacións concesións novas relación nº total	5			%
P00098	Ingresos concesións/ingresos correntes	24			%
P00131	Nº de portos con actuación	60			nº
P00157	Nº de atraques destinados á náutica recreativa	0			nº

De acordo co establecido no Plan Estratéxico para Galicia 2015-2020, e dentro de Programa Gasto 513A-CONSTRUCCION, CONSERVACION E EXPLOTACION PORTUARIA, desenvólvese o obxectivo estratéxico denominado OE03.1.01 Modernizar os portos de Galicia, garantindo os medios precisos para desenvolver un modelo de negocio en cada dársena en base ás actividades con máis demanda e á especialización e para colaborar á sustentabilidade da actividade pesqueira.

Os obxectivos operativos son os seguintes:

001 -Mellora da calidade medioambiental das instalacións portuarias e da eficiencia enerxética e térmica das instalacións e equipamentos pesqueiros.

Actuarase en:

1. Estimular a mellora continua do medio portuario e a súa xestión ambiental co obxecto de facilitar, unha mellor comprensión do papel dos portos e os seus esforzos para chegar a un desenvolvemento sostible.

2. Asegurar o máximo respecto ao medio ambiente.

3. Adoptar medidas eficaces para a mellora da calidade ambiental.

002 - Modernización e adecuación das instalacións existentes para adaptalas ás novas necesidades do mercado e da sustentabilidade na pesca. Construción das novas infraestruturas necesarias para a mellora da seguridade e das condicións de traballo dos pescadores.

Actuarase en:

1. Integración dos portos galegos nas redes portuarias que permitan desenvolver as súas complementariedades ao tempo que se procura unha relativa especialización.

2. A transformación do concepto tradicional dos portos como meros elementos de carga e descarga de mercadorías e pesca en plataformas que posibiliten a localización de novos procesos que permitan aumentar o valor engadido das mercadorías e da pesca e que contribúan ao desenvolvemento económico e á creación de emprego. Estimular a creatividade na realización dos procesos e dos servizos portuarios.

3. Fomentar a comunicación entre a administración portuaria e os actores relevantes a nivel local (usuarios, clientes, público...

4. Mellora e modernización dos servizos prestados nos portos.

5. Xestión áxil e eficaz das actividades portuarias.

6. Incrementar a conciencia de seguridade, tanto dende o punto da prevención de riscos laborais como da seguridade como protección dos portos e das instalacións portuarias de acordo coa normativa internacional en vigor.

003 - Ordenación Xeral das zonas de servizo dos portos, mellora e modernización dos servizos xerais e da Xestión organizativa destes e adaptación ás novas TIC.

Actuarase en:

1. Potenciar unha concepción multinacional dos portos galegos, ampliando os seus usos a outras actividades, especialmente relacionadas co ocio e o deporte, e contribuíndo, polo tanto, ao aumento do atractivo do litoral galego.-

2. Favorecer a interrelación porto-cidade mediante acordos de colaboración coas diferentes administracións desenvolvendo a planificación urbanística que permita que os

cidadáns vexan os portos como entes xeradores de desenvolvemento nun ámbito compatible coa actividade cívica.

I.2. Inversións

INVESTIMENTO PROXECTO	ANO INICIAL	ANO FINAL	CUSTO TOTAL	ORZAMENTO 2022	CONCELLO
(PARTE INVESTIMENTO) SERVIZO DE MANTEMENTO DAS INFRAESTRUCTURAS PORTUARIAS	2.022	2.022	350.000	350.000	900
A GUARDA: MELLORA FUNCIONAL DA RAMPLA DE VARADA DO PORTO	2.021	2.022	149.000	134.000	3605023
ADQUISICIÓN APLICACIÓNS INFORMÁTICAS	2.022	2.022	100.000	300.000	900
AGUETE: INSTALACIÓNS DE MÓDULOS DE DIQUE FLOTANTE NO PORTO	2.021	2.022	159.995	144.995	3624026
ALDÁN: NOVOS DEPARTAMENTOS E REMODELACIÓN DA LONXA NO PORTO	2.022	2.023	1.000.000	100.000	3624008
BUEU: AMPLIACIÓN NAVE DE REDES	2.022	2.022	80.000	80.000	3624004
BUEU: MELLORA DA ACCESIBILIDADE NO PORTO	2.022	2.023	250.000	75.000	3624004
BURELA: NAVE PARA ALMACEN DE CAIXAS NO PORTO	2.022	2.023	600.000	100.000	2722902
CAMARIÑAS: DEPARTAMENTO PARA USUARIOS	2.022	2.023	300.000	50.000	1547016
CAMPELO: AMPLIACIÓN DA LONXA	2.022	2.022	480.251	480.251	1517087
CANGAS: AMPLIACIÓN DOS ATRAQUES DE PASAXE NO PORTO DE CANGAS	2.021	2.022	559.093	559.093	3624008
CANIDO: NOVA LONXA NO PORTO DE CANIDO	2.021	2.022	119.163	59.163	3605036
CARIÑO: DRAGAXE NO PORTO	2.022	2.022	50.000	50.000	1530901
CARIÑO: REFORMA DA CUBERTA DA LONXA DO PORTO	2.022	2.022	109.674	109.674	1530901
CELEIRO: CAMBIO DE CUBERTA NO EDIFICIO NÁUTICO PESQUEIRO DO PORTO	2.022	2.022	249.908	249.908	2723066
CELEIRO: PANTALÁN PARA EMBARCACIONES MENORES	2.021	2.021	461.192	200.000	2723066
CONVENIO DE COLABORACIÓN COA FUNDACIÓN UNIVERSIDADE DA CORUÑA PARA O PROXECTO "ESTUDO INTEGRAL E TRANSFERENCIA DE TECNOLOXÍA PARA O DESEÑO DE ESTRUCTURAS AERODINÁMICAS"	2.022	2.022	45.031	45.031	01
CONVENIO ENTRE A EPE PORTOS DE GALICIA E A AXENCIA INSTITUTO ENERXÉTICO DE GALICIA (INEGA) PARA O IMPULSO DO EMPREGO DE ENERXÍAS RENOVABLES NO PORTO DE RIBEIRA	2.021	2.022	8.388	3.355	1506073
DEMOLICIÓN DE EDIFICACIÓNS DA ZONA NORTE	2.022	2.022	70.000	150.000	01
DRAGAXE NO PORTO DE LAXE	2.019	2.021	3.026.524	526.524	1508040
DRAGAXES VARIOS PORTOS	2.022	2.022	250.000	750.000	902
ESTEIRO: RAMPLA	2.021	2.021	180.000	20.000	1527053

INVESTIMENTO PROXECTO	ANO INICIAL	ANO FINAL	CUSTO TOTAL	ORZAMENTO 2022	CONCELLO
FISTERRA: REPOSICIÓN DE PAVIMENTO	2.022	2.023	200.000	100.000	1518037
GROVE: AMPLIACIÓN E MELLORA DA LONXA	2.021	2.022	640.000	150.000	3637022
LIQUIDACIÓNS FINAIS DE OBRAS	2.021	2.021	899.431	899.431	900
MALPICA: REFORZO ESTRUCTURAL DO VIAL INTERIOR DO PORTO	2.021	2.022	161.010	141.010	1508043
MALPICA: REMODELACIÓN DOS DEPARTAMENTOS DE EXPORTADORES	2.022	2.023	150.000	50.000	1508043
MOAÑA: SUBSTITUCIÓN DE PARAMENTOS NO PEIRAO MEXILOEIRO DE MOAÑA	2.021	2.021	50.000	50.000	3624029
MOBLAXE, EQUIPAMENTO E OUTROS EQUIPOS INFORMÁTICOS	2.022	2.022	105.000	105.000	900
MUROS: REPOSICIÓN DE CUBERTA E ACONDICIONAMENTO DA LONXA	2.021	2.022	250.000	250.000	1527053
NOVA CONSTRUCCIÓN, AMPLIACIÓN, REFORMA E MELLORA DE INSTALACIÓNS ABOIANTES DE ATRAQUE NOS PORTOS DE CORME, PONTEDEUME, FISTERRA, O FREIXO, MUROS, MIÑO, BETANZOS E CORCUBIÓ	2.021	2.022	1.070.000	695.500	900
NOVA CONSTRUCCIÓN, AMPLIACIÓN, REFORMA E MELLORA DE INSTALACIÓNS ABOIANTES DE ATRAQUE NOS PORTOS DE SADA, RIANXO E A POBRA DO CARAMIÑAL	2.021	2.022	1.619.000	1.459.000	900
O GROVE: REORDENACIÓN DE ATRAQUES NO PORTO	2.022	2.023	3.000.000	50.000	3637022
O SON: ACONDICIONAMENTO DO BORDO INTERIOR (CONVENIO) DO PORTO	2.018	2.022	3.350.244	350.244	1528071
OBRAS MENORES: DOTACIÓN DE SERVIZOS NOS PORTOS	2.022	2.022	300.000	500.000	900
ORTIGUEIRA: URBANIZACIÓN ENTORNO DEPARTAMENTOS DE USUARIOS	2.022	2.022	256.359	256.359	1530061
OUTROS SERVIZOS (INVESTIMENTO-VARIOS A. TÉCNICAS INFRAESTRUCTURAS)	2.021	2.021	150.000	300.000	900
PALMEIRA: MELLORA DA MOBILIDADE E ACCESIBILIDADE NO ENTORNO DO PORTO	2.022	2.023	700.000	250.000	1506073
PORTO DO SON: ACONDICIONAMENTO DA LONXA	2.022	2.022	20.000	20.000	1528071
PORTO DO SON: DEPARTAMENTOS PARA USUARIOS	2.022	2.023	750.000	50.000	1528071
PORTO DO SON: NOVA NAVE DE REDES	2.022	2.023	370.000	20.000	1528071
PORTOCUBELO: ACONDICIONAMENTO DA LONXA DE PONTOCUBELO	2.021	2.022	150.000	150.000	1527020
PORTOSÍN: ACONDICIONAMENTO DA LONXA	2.022	2.022	80.000	80.000	1528071
REDACCIÓN DE ESTUDOS AMBIENTAIS E REDACCIÓN DE PROXECTOS DE DRAGAXE DA ENTIDADE PÚBLICA EMPRESARIAL PORTOS DE GALICIA	2.020	2.022	622.607	322.607	902

INVESTIMENTO PROXECTO	ANO INICIAL	ANO FINAL	CUSTO TOTAL	ORZAMENTO 2022	CONCELLO
RIANXO: EDIFICIOS DE DEPARTAMENTOS PARA USUARIOS NO PORTO	2.019	2.022	1.630.000	1.330.000	1506072
RIBADEO: DRAGAXE DO PORTO	2.022	2.023	1.600.000	200.000	2724051
SAN CIBRAO: ACONDICIONAMENTO DOS LOCAIS DE ARMADORES	2.022	2.023	150.000	20.000	2723013
SANXENXO: DEPARTAMENTOS PARA USUARIOS	2.022	2.023	300.000	25.000	3637051
SERVICIO DE REDACCIÓN DE ESTUDOS E PROXECTOS PARA DIVERSAS ACTUACIÓNS DA ENTIDADE PÚBLICA	2.020	2.023	1.477.322	1.005.557	10047
TRAGOVE: AMPLIACIÓN DE LONXA	2.022	2.023	400.000	200.000	3637006
VARIOS: MELLORA DA EFICIENCIA ENERXÉTICA EN VARIOS PORTOS	2.022	2.023	1.000.000	500.000	900
VARIOS: MELLORA DA SINALIZACIÓN VERTICAL NOS ESPAZOS PORTUARIOS	2.022	2.023	236.425	150.000	902
VARIOS: MELLORA DOS MEDIOS DE AMARRE E DEFENSAS EN DIVERSOS PORTOS DA ZONA NORTE, CENTRO E SUR	2.022	2.023	1.277.449	320.000	902
VARIOS: MELLORA DOS PAVIMENTOS EN VARIOS PORTOS	2.022	2.022	150.000	250.000	900
VARIOS: SINALIZACIÓN MARÍTIMA DOS POLÍGONOS DE BATEAS	2.022	2.023	200.000	150.000	900
VARIOS: VIXILANCIA INTEGRAL E CONTROL DE ACCESOS PBIP (PARTE INVESTIMENTO)	2.022	2.022	401.550	361.550	900
VIVEIRO-CELEIRO: ACONDICIONAMIENTO DE NAVE DE REPARACIÓN DE REDES NO PEIRAO DO PORTO DE CELEIRO	2.022	2.022	311.380	311.380	2723066
		TOTAL	32.625.996	15.609.632	

Para dar resposta ás necesidades ligadas aos obxectivos de mellora da seguridade, operatividade e mellora das condicións de traballo nos portos, recóllense actuacións destinadas a facilitar as operacións portuarias tanto marítimas como terrestres, no incremento da calidade do valor engadido dos produtos, tanto mercadorías como pesca, manipulados nos portos, fomento da acuicultura e a mellora das actividades pesqueiras. Inclúense tamén as de almacenaxe, loxística e distribución.

O programa de investimentos de acordo cos obxectivos a acadar vai dirixido a través das seguintes liñas:

I.- Ampliación e mellora das infraestruturas marítimas.

Actuacións tendentes ao desenvolvemento e potenciación do transporte marítimo de mercadorías, a mellora da seguridade na operativa, atracción de novo tráfico e desenvolvemento do transporte intermodal. Deste xeito pretendemos que exista un transporte sostible alternativo á estrada e á potenciación do desenvolvemento das comarcas que

favoreza a explotación dos recursos naturais que producen un maior volume de mercadorías.

2.- Mellora e modernización do desenvolvemento das actividades portuarias.

Están destinadas a facilitar as operacións portuarias tanto marítimas como terrestres, no incremento da calidade do valor engadido dos produtos, tanto mercadorías como pesca, manipulados nos portos, fomento da acuicultura e a mellora das actividades pesqueiras. Inclúense tamén as de almacenaxe, loxística, distribución, e reparación.

Só redundará na execución das operacións en condicións de seguridade e máis rendemento levando a un maior desenvolvemento da contorna máis próxima e, en consecuencia, á xeración de máis emprego.

3.- Incremento do atractivo do litoral galego e mellora da calidade medio ambiental das instalacións portuarias.

Para poder potenciar o uso das actividades turísticas, de lecer e deporte nas zonas onde se sitúan os portos e deste xeito desenvolver a industria auxiliar correspondente.

Actuacións para a implantación nos portos das infraestruturas, equipamentos e procedementos necesarios para unha xestión medio ambiental eficaz, partindo da experiencia realizada no porto da Pobra do Caramiñal onde se implantou o sistema EMAS de xestión medio ambiental, pioneiro nun porto galego, dentro do programa LIFE.

4.- Ordenación xeral das zonas de servizo dos portos, mellora e modernización dos servizos xerais.

Deste xeito inténtase facilitar o desenvolvemento de distintas actividades portuarias, evitando as interferencias entre as mesmas, e ao mesmo tempo incrementar a seguridade das instalacións portuarias tanto na lámina de auga como na superficie portuaria.

Así mesmo, para ampliar, mellorar e modernizar as redes de servizos xerais dos portos, tales como abastecemento de auga, saneamento, subministración de enerxía eléctrica, combustible, telefonía e transmisión de datos, etc. Deste xeito, ademais de mellorar a calidade da prestación dos servizos e optimización dos consumos, perséguese a diminución dos gastos de explotación e, con iso, a optimización da xestión económica. Por iso estanse desenvolvendo iniciativas en diferentes portos para a ampliación, mellora e modernización das redes de servizos.

5.- Mellora da xestión organizativa do porto e adaptación as novas TIC.

Para poder conseguir o incremento da eficacia e da eficiencia dos portos e do propio sistema portuario, favorecendo unha relación áxil e cómoda dos clientes e usuarios coa administración portuaria e o uso das novas tecnoloxías da comunicación e información.

I.3. Territorialización

CONCELLO	GASTO DE PERSOAL	OUTROS GASTOS CORRENTES	GASTOS DE CAPITAL
NON TERRITORIALIZABLE	5.444.045	12.472.555	15.609.632
TOTAL	5.444.045	12.472.555	15.609.632

Todas as actuacións previstas, tanto os investimentos como os gastos de xestión e servizos portuarios, teñen un marco xeral que afecta a todas as instalacións portuarias de Galicia en todo o ámbito territorial de acordo co principio de unidade de xestión portuaria.

I.4. Previsións orzamentarias e financiamento

I.4.1. Previsións Orzamento de explotación

INGRESOS

Vendas e outros ingresos de explotación

INGRESOS	2022	2023	2024
OUTROS INGRESOS	148.000	148.000	148.000
PRESTACIÓN DE SERVIZOS PORTUARIOS	14.802.010	14.802.010	14.802.010
SERVIZOS PROFESIONAIS	377.139	309.244	309.244
UTILIZACION PRIVATIVA, OCUP. DOM. PÚBLICO	2.780.000	2.780.000	2.780.000
TOTAL	18.107.149	18.039.254	18.039.254

Na elaboración da previsión dos ingresos correntes para o exercicio 2022, tívose en conta non só as previsións feitas para o exercicio 2021 senón tamén os resultados reais do exercicio 2020, a evolución das diferentes taxas e canons portuarios nos nove primeiros meses do ano 2021 así como os cambios previstos na Lei 6/2003 de Taxas e Prezos para o ano 2021.

As previsións de peche da facturación para este ano 2021 indican unha recuperación do 5% respecto do ano 2020, ano marcado pola baixada da actividade portuaria polo impacto da COVID 19.

A estimación dos ingresos de explotación (ingresos correntes ou de xestión ordinaria) para o vindeiro 2022 acadan a cifra total de 18.107.149 € (15.877.974 € ano 2020), o que representa unha subida da facturación do 14 % respecto do peche do ano 2020, acadando cifras de facturación anteriores a pandemia.

Dentro deste epígrafe atópanse os ingresos de natureza pública, correspondentes ás liquidacións das taxas pola prestación de servizos nos portos, as taxas por actividades comerciais e industriais, e as concesións e autorizacións por ocupacións privativas do dominio público portuario. Estes ingresos intégranse dentro do patrimonio da entidade pública empresarial Portos de Galicia e distribúense dacordo co seguinte detalle:

1. Ingresos procedentes das taxas administrativas por “servizos profesionais de dirección técnica de obras”. Estímase a cifra de 377.139 €, cifra ésta vinculada a execución do programa de investimentos.

2 Ingresos por “prestación de servizos portuarios”, recolle as taxas do tráfico comercial, pesca fresca, embarcacións deportivas e de lecer, almacenaxe, subministros e servizos diversos así como a taxa de actividades comerciais, industriais e de servizos. Inclúese como novidade para o ano 2022 a taxa X-6 polo servizo de recepción de refugallos xerados por buques, en cumprimento da Directiva (UE) 2019/883, relativa ás instalacións portuarias receptoras. As previsións de facturación desde epígrafe ascenden a cifra de 14.802.010€, (12.719.988 € en 2020) o que representa unha subida do 16,4% respecto da facturación real do ano 2020.

3 Ingresos pola “utilización privativa e ocupación dominio público portuario” correspondentes aos cánones cobrados polas concesións e autorizacións outorgadas. A previsión para o ano 2022 acada a cifra de 2.780.000 €, cifra que crece no 2,1% respecto da facturación do ano 2020.

4 “Outros ingresos”, estímase a cifra de 148.000 € correspondentes a sancións, xuros, reclamacións patrimoniais, etc.

Transferencias e subvencións de explotación recibidas

SUBVENCIÓNS CORRENTES RECIBIDAS DA C.A.	REAL 2020	ESTIMADO 2021	PREVISIÓN 2022
CONSELLERÍA DO MAR	393.073	0	
TOTAL	393.073	0	0

Para o próximo ano 2022 non está previsto recibir subvenciones correntes.

Por outra banda, a cifra estimada a contabilizar na conta de resultados na rúbrica de Transferencias e subvencións de capital ascende a 11.941.039 €, que recollen o cálculo das subvencións de capital traspasadas ao resultado do exercicio (non orzamentario), trátase dunha cifra estimada a partires das cifras de peche do exercicio 2020 que inclúe o importe dos ingresos a distribuír dos bens adscritos por parte da Comunidade Autónoma.

GASTOS

Gastos de persoal

	REAL 2020	ESTIMADO 2021	PREVISIÓN 2022
Nº Empregados	116	116	116
Custo Total	4.720.853,26	4.823.042,36	5.444.044,98
Custo Medio	40.697,01	41.577,95	46.931,42

A dotación económica para o vindeiro ano 2022 ascende á cifra de 5.444.045 € e dá cobertura ós custos salariais para un cadro de persoal de 116 traballadores. Inclúe os gastos de formación e vixilancia da saúde así como a previsión do incremento salarial do 2%.

Servizos exteriores

DESCRICIÓN	REAL 2020	ESTIMADO 2021	PREVISIÓN 2022	PREVISIÓN 2023	PREVISIÓN 2024
ARRENDAMENTO E CÁNONES	113.756	112.559	115.400	115.400	115.400
COMUNICACIÓNS E OUTROS SERVIZOS	4.955.350	5.719.899	5.948.325	5.948.325	5.948.325
PRIMAS DE SEGUROS	102.616	103.969	121.700	121.700	121.700
PUBLICIDADE/ INFORMACIÓN DIVULGACIÓN	65.444	153.740	159.000	159.000	159.000
REPARACIÓNS E CONSERVACIÓNS	3.323.313	2.830.100	3.093.541	3.093.541	3.093.541
SERVIZOS PROFESIONAIS INDEPENDIENTES	50.293	94.153	94.200	94.200	94.200
SUMINISTROS	2.205.890	2.317.939	2.706.390	2.706.390	2.706.390
TOTAL	10.816.662	11.332.359	12.238.556	12.238.556	12.238.556

A previsión de gasto neste capítulo para o vindeiro 2022 acada a cifra de 12.238.556 € (10.816.661 € ano 2020), o que representa unha subida do 13,1 % respecto do gasto executado no ano 2020, debido fundamentalmente ao incremento das partidas doutros servizos que inclúe asistencias técnicas, seguridade e vixilancia e subministros de enerxía eléctrica.

Os servizos exteriores dan cobertura aos gastos de funcionamento da entidade que inclúe as partidas de arrendamentos, reparacións e conservación, material subministros e outros servizos.

Neste capítulo destacan como contratos máis importantes polo seu peso económico e de xestión os seguintes:

-Contrato de servizo de conservación, mantemento e mellora das instalacións eléctricas dos portos (178.760 €).

-Contrato de mantemento, reparación e pequena inversión das infraestruturas portuarias (1.546.000 €).

- Servizos de limpeza nos portos e instalacións portuarias (3.148.600 €).
- Servizo de recollida de refugallos MARPOL (185.000 €).
- Servizo de xestión externa de practicaxe (175.000 €).
- Servizo de seguridade e vixilancia nos portos PBIB e Lonxa Ribeira (650.000 €).
- Outros servizos externos de xestión que inclúe estudos e traballos técnicos (1.205.000 €), servizos informáticos (225.000 €) e de tarefas administrativas.

Por último no epígrafe de tributos estímase unha previsión de 234.000 € para pago do imposto de bens inmobles (IBI) correspondentes aos bens recibidos en adscrición por parte da Xunta de Galicia.

Amortización

DESCRICIÓN	REAL 2020	ESTIMADO 2021	PREVISIÓN 2022
DOTACIÓNS (INMOB. BENS ADSCRITOS)	1.585.366	1.585.366	1.585.366
DOTACIÓNS (INMOB. BENS PROPIOS)	2.226.071	2.225.523	1.988.762
DOTACIÓNS (INMOB. SUXEITO A SUBVENCIÓNS)	11.432.794	10.866.946	10.355.673
TOTAL	15.244.231	14.677.835	13.929.801

A estimación das dotacións para amortizacións acadan os 13.929.801 €, dos cales a cifra de 11.941.039 € reflíctense como ingresos a distribuír en varios exercicios na conta de subvencións de capital traspasadas ao resultado.

Subvencións concedidas pola entidade

SUBVENCIÓNS CONCEDIDAS POLA ENTIDADE	REAL 2020	ESTIMADO 2021	PREVISIÓN 2022
CONSELLERÍA DO MAR	393.073	0	
TOTAL	393.073	0	0

I.4.2. Previsións Orzamento de capital

ORIXES

Transferencias e subvencións de capital recibidas

SUBVENCIÓNS DE CAPITAL RECIBIDAS DA C.A.	REAL 2020	ESTIMADO 2021	PREVISIÓN 2022
COMUNIDAD AUTÓNOMA	7.290.865	8.351.448	10.351.448
TOTAL	7.290.865	8.351.448	10.351.448

	REAL 2020	ESTIMADO 2021	PREVISIÓN 2022
Subvencións de Capital Recibidas do Estado			
Subvencións de Capital Recibidas da UE		355.336	
TOTAL	0	355.336	0

As transferencias de capital recíbense vía o programa 50.01.513A.740.0 da Consellería do Mar, procedentes dos fondos da Comunidade Autónoma, cun importe previsto para o ano 2022 de 10.351.448 €, que se aplicarán no financiamento dos investimentos recollidos no PAIF 2022.

Achegas patrimoniais

APORTACIÓNS DE RECURSOS PROPIOS DA C.A.	REAL 2020	ESTIMADO 2021	PREVISIÓN 2022
Consellería do Mar		2.400.000	
TOTAL	0	2.400.000	0

Financiamento alleo a longo prazo

○ Ente non mantén ningún tipo de endebedamento externo en canto a Préstamos e Créditos se refire.

Remanente de Tesourería

	2020	2021
1. Fondos líquidos	2.978.058	3.000.000
2. Dereitos pendentes de cobro (+)	23.278.471	23.278.470
Do orzamento corrente	15.452.945	13.604.216
De orzamentos pechados	5.476.619	7.325.347
De operacións non orzamentarias	2.348.907	2.348.907
De operacións comerciais		
3. Obrigas pendentes de pago (-)	4.168.254	6.131.552
Do orzamento corrente	3.348.553	5.311.889
De orzamentos pechados	38	
De operacións non orzamentarias	819.663	819.663
De operacións comerciais		
4. Partidas pendentes de aplicación (-/+)	86.486	86.486
(-) Cobros realizados pendentes de aplicación definitiva	-22.986	-22.986
(+) Pagos realizados pendentes de aplicación definitiva	63.500	63.500
I. Remanente de tesourería total (1+2+3+4)	22.174.761	20.233.404
II. Exceso de financiamento afectado	9.385.888	5.067.635
III. Saldos de dubidoso cobro	5.776.584	6.164.331
IV. Remanente de tesourería non afectado (I-II-III)	7.012.289	9.001.438

○ Saldo do estado de remanente de tesourería de libre disposición ao peche do exercicio 2020 acada os 7.012.289€.

A previsión de peche para o exercicio 2021 do remanente de tesourería total, estímase na cifra de 14.069.074 €, quedando afectado en 5.067.635 € que se aplicarán no financiamento do programa de investimentos do ano 2022, obtendo un saldo de libre disposición de 9.001.438 €.

○ Remanente de tesourería constitúe unha fonte de liquidez que permite facer fronte ás obrigas pendentes de pagamento sen esperar ao cobro dos dereitos tanto orzamen-

tarios como non orzamentarios, constituíndo así un fondo de manobra necesario para o equilibrio económico-financieiro do Ente Público.

APLICACIÓNS

Adquisicións de inmovilizado non financieiro

ADQUISICIÓNS INMOBILIZADO NON FINANCEIRO	REAL 2020	ESTIMADO 2021	PREVISIÓN 2022
CONSTRUCCIÓNS E INSTALACIÓNS PORTUARIAS	7.457.676	12.323.039	14.798.052
OUTRO INMOBILIZADO	294.245	1.504.449	811.581
TOTAL	7.751.921	13.827.488	15.609.633

○ capítulo de Investimentos reais comprende os gastos de capital a realizar directamente por Portos de Galicia en infraestrutura portuaria, así como os destinados á adquisición de bens de natureza inventariable necesarios para o funcionamento operativo dos seus servizos (maquinaria, elementos de transporte, moblaxe e equipos informáticos).

○ orzamento previsto para a anualidade 2022 acada a cifra de: 15.609.632 €

FINANCIAMENTO DO PROGRAMA DE INVESTIMENTOS E DAS NECESIDADES DE EXPLOTACIÓN

Tal e como se recolle no estado de fluxos de efectivo, os ingresos por prestación de servizos portuarios (18.107.149€), xunto coas transferencias e subvencións recibidas (10.351.448 €), e xunto cos recursos propios (remanentes de tesourería) xerados pola xestión ordinaria de exercicios anteriores (5.067.635 €), constitúen o financiamento dos gastos orzamentarios correntes ou de explotación (17.916.600 €) así como os de capital que se recollen no programa de investimentos. (15.609.632 €).

ORZAMENTOS XERAIS DA XUNTA DE GALICIA 2022

PORTOS DE GALICIA

PXCP Orde do 28 de Novembro de 2001	BALANCE. ACTIVO	(En miles de euros sen decimais)		
		REAL 2020	ESTIMADO 2021	ORZAMENTO 2022
A) Inmobilizado		244.099	243.313	245.293
I. Investimentos destinados ao uso xeral				
1. Terreos e bens naturais				
2. Infraestruturas e bens destinados ao uso xeral				
3. Bens do patrimonio histórico, artístico e cultural				
II. Inmovilizacións inmateriais	367	1.138	1.709	
1. Gastos de Investigación e desenvolvemento				
2. Propiedade industrial	3	3	3	
3. Aplicacións informáticas	1.300	1.389	1.689	
4. Propiedade intelectual				
5. Dereitos sobre bens en réxime de arrendamento financeiro				
6. Inmobilizado inmaterial	2.853	3.607	3.952	
7. Amortizacións	-3.788	-3.862	-3.936	
III. Inmovilizacións materiais	243.731	242.176	243.584	
1. Terreos e construcións	545.806	558.129	572.927	
2. Instalacións Técnicas e Maquinaria	2.362	2.362	2.362	
3. Mobiliario	1.869	2.594	2.960	
4. Outro inmobilizado	1.990	1.990	2.090	
5. Amortizacións	-308.294	-322.898	-336.754	
IV. Investimentos xestionados				
V. Inmovilizacións financeiras				
1. Carteira de valores a longo prazo				
2. Outros investimentos e créditos a longo prazo				
3. Depósitos e fianzas constituídos a LP				
4. Provisións				
B) Gastos a distribuír en varios exercicios				
C) Activo circulante	20.543	20.178	18.160	
I. Existencias				
1. Comerciais				
2. Materias primas e outros aprovisionamentos				
3. Produtos en curso e semiterminados				
4. Produtos terminados				
5. Subprodutos, residuos e materiais recuperados				
6. Provisións				
II. Debedores	17.558	17.170	15.153	
1. Debedores orzamentarios	20.930	20.930	19.300	
2. Debedores non orzamentarios	2.058	2.058	2.058	
3. Debedores por administración de recursos por conta doutros entes públicos				
4. Administracións públicas	284	284	284	
5. Debedores varios	64	64	64	
6. Provisións	-5.777	-6.164	-6.552	
III. Investimentos financeiros temporais	8	8	8	
1. Carteira de valores a curto prazo				
2. Outros investimentos e créditos curto prazo				
3. Fianzas e depósitos constituídos a curto prazo	8	8	8	
4. Provisións				
IV. Tesourería	2.978	3.000	3.000	
V. Axustes por periodificación				
TOTAL XERAL (A + B + C) ...	264.642	263.491	263.453	

ORZAMENTOS XERAIS DA XUNTA DE GALICIA 2022

PORTOS DE GALICIA

PXCP Orde do 28 de Novembro de 2001	BALANCE. PASIVO	(En miles de euros sen decimais)		
		REAL 2020	ESTIMADO 2021	ORZAMENTO 2022
A) Fondos propios		260.377	257.262	256.657
I. Patrimonio		288.972	288.397	289.978
1. Patrimonio				
2. Patrimonio recibido en adscrición		293.849	293.274	294.855
3. Patrimonio recibido en cesión				
4. Patrimonio entregado en adscrición				
5. Patrimonio entregado en cesión				
6. Patrimonio entregado ao uso xeral		-4.877	-4.877	-4.877
II. Reservas				
III. Resultados de exercicios anteriores		-24.848	-28.595	-31.134
1. Resultados positivos de exercicios anteriores		2.819	2.819	2.819
2. Resultados negativos de exercicios anteriores		-27.667	-31.414	-33.953
IV. Resultados do exercicio (positivo ou negativo)		-3.747	-2.540	-2.186
B) Provisións para riscos e gastos				
C) Acredores a longo prazo		120	120	120
I. Emisión de obrigacións e outros valores negociables				
1. Obrigacións e bonos				
2. Débedas representadas en valores negociables				
3. Xuros de obrigas e outros valores				
4. Débedas en moeda estranxeira				
II. Outras débedas a longo prazo		120	120	120
1. Débedas con entidades de crédito				
2. Outras débedas				
3. Débedas en moeda estranxeira				
4. Afianzamentos e depósitos recibidos a longo prazo		120	120	120
III. Desembolsos pendentes sobre accións non esixidos				
D) Acredores a curto prazo		4.145	6.109	6.676
I. Emisión de obrigacións e outros valores negociables				
1. Obrigacións e bonos a curto prazo				
2. Débedas representadas noutros valores negociables				
3. Xuros de obrigacións e outros valores				
4. Débedas en moeda estranxeira				
II. Débedas con entidades de crédito				
1. Préstamos e outras débedas				
2. Débedas por xuros				
III. Acredores		4.145	6.109	6.676
1. Acredores orzamentarios		3.349	5.312	5.879
2. Acredores non orzamentarios		347	347	347
3. Acredores por administración de recursos por conta doutros entes públicos				
4. Administracións Públicas		472	472	472
5. Outros acredores				
6. Afianzamentos e depósitos recibidos a corto prazo		-23	-23	-23
IV. Axustes por periodificación				
TOTAL XERAL (A + B+ C + D) ...		264.642	263.491	263.453

ORZAMENTOS XERAIS DA XUNTA DE GALICIA 2022

ORZAMENTO DE EXPLOTACIÓN

PORTOS DE GALICIA

PXCP Orde do 28 de Novembro de 2001	CONTA DE PERDAS E GANANCIAS. GASTOS	(En miles de euros sen decimais)		
		REAL 2020	ESTIMADO 2021	ORZAMENTO 2022
	1. Redución de existencias de produtos terminados e en curso de fabricación			
	2. Aproveisionamentos			
	a. Consumo de mercadorías			
	b. Consumo de materias primas e outras materias consumibles			
	c. Outros gastos externos			
	3. Outros gastos de xestión ordinaria	31.404	31.455	32.234
	a. Gastos de persoal	4.718	4.823	5.388
	a.1) Soldos e Salarios	3.730	3.675	4.100
	a.2) Cargas sociais	988	1.148	1.288
	b. Prestacións sociais	3		56
	c. Dotacións para amortizacións de inmovilizado	15.244	14.678	13.930
	c.1 de inmovilizado inmaterial	74	74	74
	c.2 de inmovilizado material	15.170	14.604	13.856
	d. Variacións das provisións de tráfico	388	388	388
	d.1 Variacións das provisións de existencias			
	d.2 Variacións das provisións e perdas de créditos incobrables	388	388	388
	e. Outros gastos de xestión	11.051	11.566	12.473
	e.1 Servizos exteriores	10.817	11.332	12.239
	e.2. Tributos	234	234	234
	e.3. Outros gastos de xestión correntes			
	f. Gastos financeiros e gastos asimilados			
	f.1 Por débedas			
	f.2 Perdas de investimentos financeiros			
	g. Variacións das provisións de investimentos financeiros			
	h. Diferencias negativas de cambio			
	4. Transferencias e subvencións		240	
	a. Transferencias correntes		240	
	b. Subvencións correntes			
	c. Transferencias de capital			
	d. Subvencións de capital			
	5. Perdas e gastos extraordinarios	60		
	a. Perdas procedentes do inmovilizado			
	b. Perdas por operacións de endebedamento			
	c. Gastos extraordinarios			
	d. Gastos e perdas doutros exercicios	60		
	TOTAL GASTOS	31.464	31.695	32.234
	AFORRO			

ORZAMENTOS XERAIS DA XUNTA DE GALICIA 2022

ORZAMENTO DE EXPLOTACIÓN

PORTOS DE GALICIA

PXCP Orde do 28 de Novembro de 2001	CONTA DE PERDAS E GANANCIAS. INGRESOS	(En miles de euros sen decimais)		
		REAL 2020	ESTIMADO 2021	ORZAMENTO 2022
	1. Ventas e prestacións de servizos			
	a. Ventas			
	b. Prestacións de servizos			
	c. Devolucións e rappels sobre vendas			
	2. Aumento de existencias de produtos terminados e en curso de fabricación			
	3. Outros ingresos da xestión ordinaria	15.878	16.703	18.107
	a. Ingresos tributarios	15.693	16.613	17.959
	b. Reintegros			
	c. Traballos realizados pola entidade			
	d. Outros ingresos de xestión	185	90	143
	d.1 ingresos accesorios e outros de xestión corrente	185	90	143
	d.2 excesos de provisións de riscos e gastos			
	e. Ingresos de participacións en capital			
	f. Ingresos doutros valores negociables e de créditos do activo inmovilizado			
	g. Outros xuros e ingresos asimilados			5
	g.1 Outros xuros			5
	g.2 Beneficios en investimentos financeiros			
	h. Diferencias positivas de cambio			
	4. Transferencias e subvencións	11.826	12.452	11.941
	a. Transferencias correntes			
	b. Subvencións correntes	393		
	c. Transferencias de capital			
	d. Subvencións de capital	11.433	12.452	11.941
	5. Ganancias e ingresos extraordinarios	13		
	a. Beneficios precedentes do inmovilizado			
	b. Beneficios por operacións de endebedamento			
	c. Ingresos extraordinarios	13		
	d. Ingresos e beneficios doutros exercicios			
	TOTAL INGRESOS	27.717	29.155	30.048
	DESAFORRO	3.747	2.540	2.186

ORZAMENTOS XERAIS DA XUNTA DE GALICIA 2022

Formulario EP.04

PORTOS DE GALICIA

ESTADO DE FLUXOS DE EFECTIVO	(En miles de euros sen decimais)		
	REAL 2020	ESTIMADO 2021	ORZAMENTO 2022
I. FLUXOS DE EFECTIVO DAS ACTIVIDADES DE XESTIÓN			
A) Cobramentos:	23.562	25.410	28.459
1. Ingresos tributarios e cotizacións sociais			
2. Transferencias e subvencións recibidas	7.684	8.707	10.351
3. Vendas netas e prestacións de servizos	15.878	16.703	18.107
4. Xestión de recursos recadados por conta doutros entes			
5. Intereses e dividendos cobrados			
6. Outros cobramentos			
B) Pagamentos:	15.772	16.629	17.917
1. Gastos de persoal	4.721	4.823	5.444
2. Transferencias e subvencións concedidas		240	
3. Aprovisionamentos			
4. Outros gastos de xestión	11.051	11.566	12.473
5. Xestión de recursos recadados por conta doutros entes			
6. Intereses pagados			
7. Outros pagamentos			
Fluxos netos de efectivo por actividades de xestión (+A-B)	7.790	8.780	10.542
II. FLUXOS DE EFECTIVO DAS ACTIVIDADES DE INVESTIMENTO			
C) Cobramentos:			
1. Venda de investimentos reais			
2. Venda de activos financeiros			
3. Outros cobramentos das actividades de investimento			
D) Pagamentos	7.752	13.827	15.610
1. Compra de investimentos reais	7.752	13.827	15.610
2. Compra de activos financeiros			
3. Outros pagamentos das actividades de investimento			
Fluxos netos de efectivo por actividades de investimento (+C-D)	-7.752	-13.827	-15.610
III. FLUXOS DE EFECTIVO DAS ACTIVIDADES DE FINANCIAMENTO			
E) Aumento no patrimonio			
1. Achegas da entidade ou entidades propietarias			
F) Pagamentos á entidade ou entidades propietarias.			
1. Devolución de achegas e repartición de resultados á entidade ou entidades propietarias			
G) Cobramentos por emisión de pasivos financeiros			
1. Obrigas e outros valores negociables			
2. Préstamos recibidos			
3. Outras débedas			
H) Pagamentos por reembolso de pasivos financeiros			
1. Obrigas e outros valores negociables			
2. Préstamos recibidos			
3. Outras débedas			
Fluxos netos de efectivo por actividades de financiamento (+E-F+G-H)			
IV. FLUXOS DE EFECTIVO PENDENTES DE CLASIFICACIÓN			
I) Cobramentos pendentes de aplicación			
J) Pagamentos pendentes de aplicación			
Fluxos netos de efectivo pendentes de clasificación(+I-J)			
V. EFECTO DAS VARIACIÓNS DOS TIPOS DE CAMBIO			
VI. INCREMENTOS/DIMINUCIÓN NETA DO EFECTIVO E ACTIVOS LÍQUIDOS EQUIVALENTES AO EFECTIVO (I+II+III+IV+V)	38	-5.047	-5.068
EFFECTIVO OU EQUIVALENTES A COMENZOS DE EXERCICIO			
EFFECTIVO OU EQUIVALENTES A FINAIS			

